CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Valora o impacto ambiental das actividades económicas dos romanos en Hispania a través de imaxes das Médulas.		
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Argumenta sobre a colonización grega en Hispania a través de textos e audiovisuais sobre Ampurias.		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Compara e analiza mapas sobre a evolución do territorio de Hispania tras a conquista romana. Identifica os nomes das antigas provincias con nomes que se conservan na actualidade,	TI	42
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica e valora a diversidade cultural que deu lugar á sociedade actual en España e en Galicia.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identifica e valora problemas actuais como as guerras e as invasións e critica que se sigan producindo no mundo actual.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Argumenta sobre problemas actuais como a consideración das linguas minorizadas, defendendo a súa postura e respectando as dos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Respecta as normas e resolve os conflitos pacificamente.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Móstrase contrario á discriminación e intervén en favor do máis débil.		
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Analiza un texto sobre o traballo feminino na Hispania romana e o papel destacado dalgunhas mulleres na sociedade.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valora as linguas de España como patrimonio cultural, Considera necesaria a conservación dos nosos monumentos históricos como símbolos da nosa identidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola

Contidos

- supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respetto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

De un modo xenérico, a metodoloxía a empregar terá como finalidade que o alumnado sexa capaz, gradualmente, de aprender de forma autónoma polo que se baseará nos seguintes principios:

1. Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para proceder a outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
2. Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e das competencias básicas e específicas por medio do traballo da materia.
3. Será prioritaria a comprensión dos contidos que se traballan fronte a súa aprendizaxe mecánica.
4. Propiciaranse oportunidades para a posta en práctica dos novos coñecementos, de sorte que o alumnado poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
5. Fomento da reflexión persoal sobre todo o traballo realizado.
6. Elaboración de conclusións respecto dos contidos traballados, de xeito que o alumnado analice o progreso dos seus coñecementos.

No caso das unidades dedicadas á Xeografía, partimos da idea de que esta materia pode axudarnos a comprender os diferentes problemas espaciais, e utilizarémola como unha ferramenta que nos permita facer ver ao alumnado as inxustizas sociais, tremendas desigualdades existentes así como a admirar e valorar as paisaxes, entender propostas de persoas alleas a eles, etc...

Procuraremos levar á aula a preocupación polos problemas relacionados co medio ambiente, facendo partícipes a alumnos e alumnas desa preocupación. Buscaremos a maneira de que cheguen á conclusión de que a situación actual vén dada moitas veces pola insolidariedade e polo egoísmo do chamado "primeiro mundo". Trataremos de facerlles ver a necesidade de cambiar de actitude para frear o perigo que corre o noso planeta.

As unidades correspondentes a Historia pretenden que o alumnado acade un coñecemento do pasado máis entroncado co seu presente, así como que logre posuír unha visión xeral dos aspectos máis salientables da época actual. Farase un labor de construción por medio da utilización de materiais ou fontes sinxelas que procederán do libro ou serán facilitados polo departamento. Sempre intentará facerse referencia á realidade máis próxima ao alumnado, e se é posible tratarase de poñelo en contacto con esa realidade para dese xeito conseguir un achegamento á mesma e unha mellor comprensión do proceso histórico.

Faremos uso de material complementario de carácter audiovisual: diapositivas, documentais, películas,.. Tamén empregaremos material procedente dos medios de comunicación (prensa, Internet), así como anuarios estatísticos e outras fontes. A introdución no presente curso do libro dixital nas aulas pode contribuír a lograr unha maior empatía do alumnado coa materia, así como á adquisición da competencia dixital.

Un complemento ao traballo na aula virá dado pola posibilidade de que alumnos e alumnas presenten pequenos traballos de investigación, individual ou colectivamente. O obxectivo sería que o alumnado puidese poñer en práctica técnicas e procedementos de investigación característicos das Ciencias Sociais.

Tendo en conta isto, as pautas metodolóxicas tratarán de favorecer unha aprendizaxe significativa e funcional no alumnado; partindo do seu nivel de desenvolvemento e establecendo vínculos significativos entre os seus coñecementos e os novos contidos que favorezan e melloren o seu nivel de competencia curricular.

Para conseguir isto, o traballo na aula basearase nunha metodoloxía activa, participativa, dinámica e inclusiva,

implicando o alumnado nas aprendizaxes a través de:

- ¿ Actividades que obriguen ao alumnado a poñer en práctica os novos contidos, amosándolles así a funcionalidade das aprendizaxes e favorecendo a adquisición destas.
- ¿ Lectura, comprensión e análise de textos dos diferentes temas tratados na aula, fomentando una visión crítica destes e mellorando as súas capacidades de comprensión e expresión.
- ¿ Emprego de diferentes estratexias de aprendizaxe (esquemas, resumos,¿) que favorezan a adquisición dos novos coñecementos.
- ¿ Realización individual ou en grupo de proxectos, elaboración de materiais, guiados polo profesor para que os alumnos traballen de forma activa na adquisición dos coñecementos.
- ¿ Realización de traballos de investigación, guiados polo profesor (individuais ou en grupo) sobre a realidade máis próxima, potenciando no alumno/a a capacidade de manexar distintas fontes de información.
- ¿ Actividades que potencien a autonomía do alumnado na planificación, realización e autoavaliación das tarefas, posibilitando que aprendan a aprender.
- ¿ Utilización de diferentes formas de agrupamento dentro e fóra da aula, segundo a actividade a realizar e o momento no que se atopa o proceso de aprendizaxe.
- ¿ Realización de actividades que teñan proxección fóra da aula (traballos para a revista do centro ou para a páxina web, exposicións sobre un determinado tema, participación nas actividades da biblioteca, etc, que favorezan a autoestima do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto.
Material impreso : fichas, mapas, gráficas, táboas, imaxes, prensa, publicidade.
Medios informáticos: ordenador, pizarra dixital, proxector dixital, vídeos.
Os recursos que poden ser útiles ao longo do curso académico son: ¿ Explicacións teóricas (que poden ir acompañadas de material impreso) ¿ Memorización comprensiva ¿ Elaboración de esquemas ou resumos para aprender a estudar. ¿ A resolución de problemas. ¿ Identificación de conceptos teóricos na prensa diaria ¿ A procura e interpretación de textos, feitos, acontecementos, etc. Utilizando a prensa ou revistas especializadas.

-Xeografía e Historia 1º ESO. Proxecto Construindo mundos. Editorial Santillana. 2022. ISBN: 97884-68058580.

- ¿ Identificación de conceptos teóricos na prensa diaria

¿ A procura e interpretación de textos, feitos, acontecementos, etc. Utilizando a prensa ou revistas especializadas.

¿ A análise de documentos diversos: gráficos, táboas de datos, imaxes, publicidade (bancaria, televisiva¿.)

¿ Uso das TIC: páxinas web e blogs para facer actividades.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nas primeiras sesións do curso e consistirá nunha proba de mínimos na que o profesorado poderá comprobar o nivel de cada unha das competencias das que parte o alumnado.

A puntuación acadada polo alumnado nestas probas non terá repercusión na nota da avaliación, sendo exclusivamente orientativa.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais do noso alumnado; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
 - Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
 - Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes. A avaliación inicial realizarase nas primeiras sesións do curso e consistirá nunha proba de mínimos na que o profesorado poderá comprobar o nivel de cada unha das competencias das que parte o alumnado.
- A puntuación acadada polo alumnado nestas probas non terá repercusión na nota da avaliación, sendo exclusivamente orientativa.

Ao comezo do proceso, nas primeiras semanas lectivas, realizarase a avaliación inicial para obter información sobre a situación dos alumnos, e detectar as deficiencias que poidan dificultar as aprendizaxes, e en tal caso modificar a programación.

Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial que pode constar dos seguintes apartados:

- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se os alumnos e alumnas dominan eses procedementos tan básicos na nosa área.
- Competencia lectora: actividades destinadas a comprobar a exactitude e a velocidade lectora de alumnas e alumnos e relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos da materia que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	8	8	8	8	8	9	8	8
Proba escrita	30	25	40	60	70	60	45	45	55	61
Táboa de indicadores	70	75	60	40	30	40	55	55	45	39

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	100
Proba escrita	50	58	49
Táboa de indicadores	50	42	51

Criterios de cualificación:

En todas as avaliacións a cualificación será a media ponderada das cualificacións obtidas segundo as seguintes porcentaxes:

80% da cualificación

PROBAS: A cualificación numérica obtida da proba ou da media das probas escritas u orais que traten sobre os contidos mínimos nas avaliacións que teñan máis dun exame, cada un deles terá que superar o 3,5 de nota para poder facer media, considerando que a avaliación estará aprobada no caso de que a media sexa 5 ou ben unha nota superior a este.

En cada proba figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta, esta darase cun número entre 0 e 10 podendo levar decimais.

O alumnado poderá ser examinado de mapas físico e/ou políticos dos distintos continentes e de España, se o/a

profesor/a o considera pertinente. Os exames de mapas, cualificados sobre 10 puntos, poderán sumar ata 1 punto (facendo a media entre eles) á nota do alumno/a, sempre que acade no exame de avaliación a notas mínima esixida polo/a profesor/a.

20% da cualificación

Actitude e traballo diario na clase: realización de tarefas e exercicios encomendados para realizar na casa e na aula, esforzo por superar as dificultades, expresión oral e escrita, presentación coidada do caderno, realización e participación en actividades ou traballos individuais e colectivos, interese e actitude positiva cara a materia participación, e respecto polo traballo e as opinións dos demais, asistencia continuada a clase.

Para superar con éxito cada avaliación o alumno debe obter 5 puntos ou máis de 5, ata un máximo de 10 puntos, despois de facer a suma dos tres criterios expostos anteriormente. A cualificación dos dous primeiros elementos poderá reducirse máximo un punto en función da ortografía, redacción e presentación dos traballos e exames.

REDONDEO: Cando a cualificación resultante de facer a media da avaliación teña cinco ou máis decimais a cualificación redondease ao enteiro superior. Non se repetirá o exame a un/unha alumno/a que falte o mesmo o día sinalado sen unha causa debidamente acreditada mediante unha xustificación.

A posta en práctica dun sistema de avaliación continua permitirá a aplicación dun reforzo inmediato naqueles casos nos que se detecten obxectivos non acadados, contidos non asimilados ou dificultades específicas que poidan impedir o progreso do alumno ou alumna. Propoñeranse actividades que permitan unha recuperación axeitada e inclusive abordar os contidos de xeito diferente (metodoloxicamente, en canto á profundidade dos mesmos ou no referente a súa secuenciación).

A cualificación da avaliación final ordinaria de Xuño establecerase mediante a nota media aritmética das avaliacións do curso. Para superar a materia a cualificación final ten que ser superior a 4,5.

O profesor/a encargado/a da materia realizará, antes da avaliación final, un exame ou exames daquelas avaliacións nas que o alumnado teña unha cualificación inferior á media aritmética necesaria para superar a materia.

Criterios de recuperación:

O profesorado, en cada grupo que imparte, poderá realizar, se así o considera adecuado e/ou necesario unha proba escrita de recuperación por cada trimestre trala sesión de avaliación. Aquela versará sobre os mesmos contidos que as probas de avaliación e cos mesmos criterios de cualificación.

Aqueles alumnos/as que non obteñan unha cualificación positiva da materia na convocatoria ordinaria de Xuño, poderán presentarse a unha proba obxectiva que terá lugar no mes de Xuño, na convocatoria extraordinaria, que versará sobre os contidos traballados da materia. Constará de preguntas abertas e exercicios. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos para obter unha cualificación positiva.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A orientación e seguimento dos alumnos/as con materias pendentes de cursos anteriores será levada a cabo polos profesores do Departamento que imparten clase no curso ordinario no que está adscrito o alumno/a.

- Ao longo do curso o alumnado da E.S.O. que promocionou de nivel tendo suspendida algunha das materias impartidas polo Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia recibirá o correspondente reforzo educativo coa finalidade de que poida acreditar o coñecemento dos contidos mínimos esixibles para aprobar a materia.

- Durante o curso os alumnos e alumnas con materias pendentes realizarán boletíns de exercicios propostos polo Departamento, sempre relacionados cos anteriormente citados contidos mínimos, boletíns que serán devoltos corrixidos antes do exame.

O docente que imparta clase a estes alumnos/as encargarse de supervisar e avaliar a realización das actividades propostas, controlando deste xeito o traballo realizado polo alumnado. Tamén se realizarán probas de carácter específico para avaliar o grao de adquisición por parte do alumnado dos devanditos contidos mínimos.

O alumnado poderá consultar ao profesor/a calquera tipo de dúbidas e problemas que se lles poidan presentar na elaboración das actividades.

Procedemento de Avaliación

-A materia dividirase en dous parciais, o primeiro a mediados de xaneiro e o segundo a mediados de abril de 2023. Para superar a materia será preciso superar ambas probas escritas. Na confección das devanditas probas teranse en conta os obxectivos e os contidos mínimos da materia.

Dentro de cada parcial a realización de exercicios correspondente ao mesmo significará o 30% da cualificación do parcial, mentres que a proba significará o 70% restante. Pode aprobarse a materia por parciais si se dan as seguintes

circunstancias:

- Aprobando ambos parciais (é dicir, obtendo un 5 como mínimo en cada un deles)
- Obtendo unha cualificación \geq que 5 na media aritmética das cualificacións dos parciais, sempre e cando non existan nestas cualificacións notas inferiores a 3.

Aqueles alumnos/as que non acadasen deste xeito os contidos mínimos esixidos e, polo tanto, non aprobasen a materia, poderán realizar no mes de maio, e se é necesario no mes de Xuño, unha Proba final na que entrarán todos os contidos.

O aprobado na Proba final de maio ou, no seu caso, na extraordinaria de xuño, significará a superación da materia. Constará de preguntas aberta e exercicio. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos para obter unha cualificación positiva.

A) ALUMNADO CON XEOGRAFÍA E HISTORIA DE 1º ESO PENDENTE

1º PARCIAL:

A primeira proba desenvolverase na segunda quincena do mes de Xaneiro, e abranguerá os contidos mínimos de 1º ESO:

- Manexo do vocabulario xeográfico, histórico e artístico fundamentais.
- Coñecer as principais características do Sistema Solar
- Diferenciar os movementos que realiza a Terra e as súas consecuencias
- Interpretar as coordenadas xeográficas, a escala e a lectura de mapas
- Situar nun planisferio os continentes, os océanos e as principais unidades do relevo da Terra
- Diferenciar entre tempo e clima, e coñecer os fenómenos atmosféricos que inflúen no tempo e no clima,
- Localizar as zonas climáticas da Terra e coñecer a as súas características
- Identificar os elementos do ecosistema Terra e xustificar a necesidade de acadar un desenvolvemento sostible utilizando recursos renovables e boas prácticas ambientais

2º PARCIAL:

A segunda das probas realizarase a mediados do mes de Abril, e abranguerá os contidos mínimos de 1º ESO:

- Diferenciar entre Prehistoria e Historia. Coñecer as principais características de cada etapa da Prehistoria, así como as principais manifestacións artísticas
- Localizar onde xurdiron as primeiras civilizacións urbanas, nas que se desenvolveu por primeira vez a práctica da escritura
- Situar a civilización grega e coñecer os aspectos máis relevantes do seu desenvolvemento,
- Coñecer os aspectos máis relevantes do Imperio Romano, así como as causas e consecuencias da súa desaparición
- Explicar que é a cultura clásica e as principais aportacións dos gregos e romanos á cultura occidental
- Describir como se desenvolveu o proceso de romanización da Península Ibérica
- Identificar os pobos que ocuparon Galicia dende a Prehistoria ata o s. VI.
- Coñecemento dos personaxes máis importantes das etapas históricas estudadas.
- Adquisición das técnicas de traballo básicas, tanto en Xeografía como en Historia e Hª da Arte. Presentación adecuada do traballo realizado.

6. Medidas de atención á diversidade

Segundo o disposto na CIRCULAR 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e de acordo co previsto no artigo 16.2 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado da ESO con necesidades específicas de apoio educativo e para evitar o abandono escolar, e por outra parte, atender a aquel alumnado que, pola súa conduta disruptiva reiterada, impide o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase, o Departamento de Xeografía e Historia seguirá os procedementos de actuación que estableza a dirección do Centro para mellorar no posible o proceso de ensinanza-aprendizaxe, os resultados académicos e o clima de traballo.

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia contempla medidas de REFORZO e ADAPTACIÓNS CURRICULARES naqueles casos nos que haxa alumnos con dificultades de aprendizaxe. Para iso estudarase cada caso particular coa axuda do DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes.

Dende o departamento, consideraremos a atención á diversidade en tres planos:

PRIMEIRO: Atención á diversidade na programación.

Tendo en conta que no currículo de Xeografía e Historia existen abundantes exemplos de contidos que poden representar dificultades na aula, poñendo de manifesto a diversidade no conxunto do alumnado e evidenciando as diferenzas individuais na clase, realizamos unha programación baseada nos contidos mínimos, aqueles que poidan ser comprendidos por todo o alumnado ou, polo menos, polo maior número posible del e que poidan ser considerados esenciais.

SEGUNDO: Atención á diversidade nas tarefas.

A categorización das tarefas permite atender á diversidade na aula, podendo propoñerlle a cada alumno aquelas actividades que mellor se adecúen ás súas capacidades, necesidades e intereses.

Polo tanto, a atención á diversidade fai necesario un repertorio de tarefas que conteñan unha organización con diferentes graos de dificultade, polo que se farán propostas de traballo a todos os alumnos para realizar ben individualmente ben en grupo propoñendo tarefas máis sinxelas (de reforzo) para aqueles alumnos que teñan dificultades para progresar dentro do grupo e outras máis complexas (de ampliación) para os máis avanzados.

Tarefas de reforzo e ampliación.

Son necesarias particularmente nos casos nos que convén reforzar a aprendizaxe do alumnado con dificultades ou satisfacer as necesidades do alumnado máis adiantado xa que permiten repasar e traballar conceptos, aplicar técnicas e afianzar destrezas.

Dentro deste tipo de tarefas cítanse:

¿ Traballo en pequeno grupo sobre temas xa estudados co fin de que se busquen novos datos ou posibles aplicacións, ou relacións con informacións de actualidade.

¿ Aproveitar os contidos transversais para reforzar conceptos que puideran quedar pouco aclarados ou para ampliar información.

¿ Facer referencia, en cada unidade didáctica, a aspectos xa tratados nas anteriores.

TERCEIRO: Atención á diversidade nos materiais utilizados.

A combinación do material esencial (o libro dixital) con diversos materiais de reforzo ou ampliación permite atender á diversidade en función dos obxectivos fixados.

Con respecto ao alumnado con necesidades educativas especiais diagnosticadas polo

Departamento de Orientación, realizaranse as Adaptacións Curriculares que afecten aos elementos prescriptivos do currículo.

Así mesmo, e debido ás particulares características do alumnado anteriormente citado, propóñense as seguintes pautas básicas de actuación consensuadas co departamento de orientación:

a) Atención a alumnos con Adaptación curricular.

Ao alumnado con adaptación curricular (ACI) facilitaráselle o material para traballar na aula que consistirá nunha serie de fichas cun mínimo de teoría e tarefas prácticas que axuden á comprensión dos contidos e á consecución dos obxectivos e as competencias básicas. As fichas prácticas serán corrixidas e valoradas. Realizaranse tamén probas escritas e aplicaranse os mesmos criterios de cualificación que para o curso correspondente, concretados na correspondente adaptación curricular.

b) Atención o alumnado con TDAH.

Dentro da aula se introducirán adaptacións ambientais e metodolóxicas que poidan beneficiar tanto ao alumno con TDAH coma ao resto do grupo, que son:

¿ Situación do alumnado na aula. Sentalo nun lugar no que poidamos ter vixilancia continua, preto do profesor e lonxe de distraccións. Elixir para el compañeiros que lle poidan axudar a realizar tarefas, tomar anotacións e que non o distraian.

¿ Manter un ambiente estruturado, con rutinas estables, motivador, e predicible. Co obxectivo de que o alumno saiba o que ten que facer en cada momento e se sinta seguro na aula. É bo utilizar material visual para recordar o alumno o que momento do traballo de clase nos encontramos.

¿ Tarefas e deberes. É conveniente reducir e fragmentar as actividades. Utilizar un formato simple e claro. Supervisar os exercicios a medida que os remata e asegurarse de que coñece as tarefas que ten que realizar. Aconséllase utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral e variar os exercicios. Non sobrecargar de tarefas para casa o alumno, seleccionar ben aquelas actividades que se consideren máis importantes.

¿ O traballo na aula. Asegurarse de que entendeu o que se lle pide, establecer contacto ocular con frecuencia e dar as instrucións dunha nunha. Advertir ¿ individualmente ao alumno dos cambios de actividade. Resaltar a información importante aumentando o ton de voz, utilizando cores ou tamaños da escritura, etc. Incluiranse actividades que poidan resultar máis motivadoras e utilizarase o reforzo inmediato dos progresos do alumno. Negociar co alumno os períodos de atención individual e grupal, segmentando aquelas tarefas máis longas ou difíciles.

¿ As estratexias expositivas. A memoria de traballo do alumno con TDAH adoita presentar algunhas dificultades, xa que a súa capacidade está limitada pola cantidade de información que pode reter simultaneamente e o tempo que pode ser mantida. Para compensar esta carencia convén que o profesorado, cando explique en presenza dun alumno con TDAH, teña en conta o seguinte:

¿ utilizar frases curtas, claras con construcións sintácticas sinxelas;

¿ focalizar a atención nos conceptos "claves"

¿ presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación;

¿ utilizar estratexias de categorización e de formación de imaxes mentais dos conceptos;

¿ proporcionar ao alumno un sistema de titoría por parte dun compañeiro que lle axude a revisar os puntos fundamentais da explicación.

O docente asegurárase de que o alumno entende o exposto e de que copiou o que o profesor sinalou. Así mesmo recordáranse as tarefas pendentes de entregar segundo se vaia aproximando a data. É conveniente deixalo por escrito nun lugar da clase visible para o alumno.

c) Exames e probas escritas. Débense alternar a forma de presentación das cuestións a responder polo alumno, de forma oral, escrita ou valéndose das novas tecnoloxías. Aconséllase dividir os exames ou probas escritas en dúas sesións polo menos, sendo flexibles na súa duración. É mellor realizar dúas probas curtas en días sucesivos que efectuar unha longa nun só día. O texto dos exames presentáraselle escrito e resaltando as partes máis importantes de cada cuestión. As preguntas serán breves e pechadas. Convén ir indicando ao alumno que controle o tempo e vaia repasando o realizado.

d) Uso da axenda. O profesorado fomentará o uso da axenda xa que pode cumprir tanto o obxectivo de axudar ao alumno a levar ao día as súas tarefas coma o de servir de canle de comunicación coa familia. É necesaria a supervisión tanto do profesor coma dos pais para que o alumno aprenda a usar a axenda. O profesor dedicará un tempo cada día para que o alumno anote as tarefas na axenda. É importante que o alumno e os pais teñan acceso ás datas de exames con suficiente antelación, o contido que se debe preparar, as datas previstas para a entrega de traballos, os libros que deben ler, etc. para planificar os tempos de estudo e a supervisión familiar. Asegurarse de que levan á casa o material necesario para realizar as tarefas. A axenda pódese converter nun espazo idóneo para reforzar e eloxiar o bo comportamento do neno, evitando o seu uso como intercambio de críticas e aspectos negativos da conduta ou o rendemento do neno. Cando haxa que comunicar aos pais aspectos negativos da conduta ou do rendemento é preferible escribir: "necesito falar con vostedes" ou "solicitar cita", en vez de escribir "hoxe tampouco fixo os deberes". Ter en conta que a axenda é do alumno e ten acceso a todo o que se escribe por ambas as dúas partes.

e) Estratexias para mellorar a conduta. O obxectivo é aumentar os comportamentos apropiados e diminuír os comportamentos inadecuados. Cada vez que se produce unha consecuencia positiva a unha conduta auméntase a probabilidade de que se incremente a devandita conduta. Son criterios xerais de manexo da conduta: utilizar o reforzo positivo de comportamentos axeitados ou as súas aproximacións; evitar as recriminacións verbais; ignorar os comportamentos de levantarse, removerse no asento; utilizar táboas de puntos para conseguir premios ou incentivos; permitir ao neno momentos de desaforo erguéndose, facendo algún recado; establecer consignas non verbais co alumno para advertirlle do incumprimento dalgunha norma, etc.

f) Estratexias para mellorar a reflexividade. Existen algunhas técnicas moi útiles no adestramento cognitivo e o control atencional específicas para os nenos con TDAH. Estas técnicas levan consigo axudar o neno a adquirir estratexias de tipo analítico durante o proceso de aprendizaxe: adestrar o mantemento da atención, fragmentar en pequenos pasos e apoiarse en explicacións verbais detalladas, seleccionar a información relevante, axudar a decidir cando se chegou á solución dun problema. Outras estratexias inciden en ensinar ao neno a falar con el mesmo, a explicarse paso a paso o que ten que facer (adestramento auto instruccional); proporcionarlle estratexias de memorización; ensinar diferentes formas de solucionar un problema para que aprenda a xeneralizar; proporcionarlle axudas para o repaso e a autoavaliación.

Outra estratexia será supervisar a orde na súa mesa e os materiais, indicándolle como debe facelo ata que se converta nun hábito.

g) Mellora da motivación e autoestima. Fomentar unha relación positiva entre o alumno e o profesor, baseada no coñecemento e a comprensión do problema. Procurar que o alumno con TDAH teña experiencias de éxito en relación á aprendizaxe escolar, reforzando calquera pequeno logro ou avance. Axudarlle a aceptar as dificultades e os erros de forma obxectiva sen que se sinta menosprezado, ofrecerlle confianza e proxectar expectativas positivas, facer correccións respecto á súa tarefa achegando propostas de mellora. As emocións inflúen de forma determinante na motivación, os nenos con TDAH teñen, polo xeral, baixa tolerancia á frustración e dificultades para atrasar as gratificacións, por esta razón beneficiárase da axuda para coñecer e manexar as súas emocións negativas e positivas e identificar os seus desexos, sentimentos e pensamentos tanto de si mesmo coma dos demais. Ensinar todo o grupo a ser empático e a comprender as emocións dos demais.

h) Dificultades de aprendizaxe. Xa se sinalou que o TDAH pode ir acompañado dalgunhas dificultades de aprendizaxe. Nestes casos as devanditas dificultades deben ser abordadas de forma específica. Unha das dificultades que se presenta na maioría dos alumnos con TDAH é a escritura. Adoitan ter unha caligrafía pouco aceptable, polo que outro obxectivo a conseguir será que adquira unha escritura lexible, sen chegar a ser obsesivos coa caligrafía.

i) Atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Para este alumnado levarase a cabo un reforzo educativo que consistirá e incidir sobre os mínimos programados para a materia correspondente, programando actividades/tarefas de reforzo sobre os conceptos, habilidades e estratexias

básicas que deberán acadar o final da materia. O seguimento deste alumnado será de xeito continuo e a periodicidade deste reforzo será diario.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial			X					
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial				
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e valores	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a algunha exposición itinerante na comarca	Segundo a oferta cultural (museos, exposicións temporais, xacemento romano).			
Visita a Ferrol	Exposicións temporais da Fundación Abanca.			
Actividades organizadas pola biblioteca e club de lectura.	Concurso da biblioteca, Club de lectura, certames e conmemoracións.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Elabóranse actividades pensando na diversidade.
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Combínase o traballo individual e en equipo.
Poténcianse estratexias de animación á lectura.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.,.
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.,.
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.,.
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
As medidas de apoio, reforzo, et., están claramente vinculadas aos estándares.
O profesorado implícase e coopera nos labores de titoría e orientación.

Descrición:

O profesorado explicará o tema ao alumnado utilizando os recursos que conveñan (mapa, imaxes, globo terráqueo,...) incidindo na comprensión do vocabulario específico e Intentando que o alumnado teña unha visión xeral do tema.

O alumnado poderá intervir de forma ordenada para aportar coñecementos e opinións e resolver dúbidas.

O alumnado con NEE atenderá e intervirá nas explicacións xerais, sempre que sexa posible, e realizará as tarefas adaptadas ás súas necesidades. Así mesmo, as probas de avaliación, serán adaptadas para este alumnado.

Na medida do posible, nos traballos en pequeno grupo, formaranse estes con alumnado diverso.

En todas as sesións haberá espazo para a lectura en voz alta.

Unha vez corrixidos os exames, comentaranse na clase a corrección para que o alumnado comprobe onde falla.

Utilizaranse as TIC para busca de información, visualización de imaxes e documentais, elaboración de traballos,...

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os datos dos controis cotiás, así como os indicadores de logro, servirán para avaliar o grao de adquisición de competencias por parte do alumnado e sacar conclusións de seguimento e avaliación mensual da programación.

Os resultados trimestrais servirán para unha avaliación mais exhaustiva que levará a confirmar ou modificar a organización dos contidos, a metodoloxía, as actividades didácticas ou os criterios das probas de avaliación dos alumnos recollidas nesta Programación inicial. Ao fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso o Departamento avaliará:

-Desenvolvemento da Programación na clase.

- Adecuación dos obxectivos e contidos ás necesidades reais.

- Propostas de mellora.

- Ao finalizar cada trimestre, recolleremos estes datos na seguinte táboa, e estes e outros aspectos quedarán reflectidos na Memoria Anual do Departamento.

INDICADORES A AVALIAR:

-O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.

-Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.

-Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación

-Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.

-Adecuación da estratexia metodolóxica.

-Adecuación da secuencia de traballo na aula.

-Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

-Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).

-Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.

-Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.

-Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.

-Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.

-Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.

-Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.

-Adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas.

-Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.

9. Outros apartados